

LA NOCHE DEL PATRIMONIO

15 Set
2018

LA NIT DEL PATRIMONI A NOITE DO PATRIMONIO



25th
ANIVERSARIO
Ciudades Patrimonio
de la Humanidad
ESPAÑA | UNESCO



by BOAMISTURA

Alcalá de Henares / Ávila / Baeza /
Cáceres / Córdoba / Cuenca / Ibiza-Eivissa
Mérida / Salamanca / San Cristóbal de
La Laguna / Santiago de Compostela
Segovia / Tarragona / Toledo / Úbeda

A declaración de Patrimonio Mundial é unha distinción que outorga a UNESCO a aqueles bens e lugares con características de excepcional valor que os fan únicos no mundo. Para España, como terceiro país con 47 inscricións na Lista do Patrimonio Mundial, este acontecemento reviste unha especial importancia e pon de manifesto o extraordinario valor do patrimonio cultural do noso país.

En 2018, coincidindo coa celebración do Ano Europeo do Patrimonio Cultural, as 15 cidades españolas incluídas na privilexiada Lista da UNESCO conmemoran o 25 aniversario da creación do **Grupo de Cidades Patrimonio de la Humanidad de España**, unha asociación sen ánimo de lucro recentemente declarada de "Utilidade Pública" cuxo obxectivo é traballar de xeito conxunto na defensa, conservación e promoción do seu inxente patrimonio histórico e cultural, que é unha auténtica referencia internacional e co que se enriquece e reforza a Marca España. As 15 cidades que forman parte da rede son **Alcalá de Henares, Ávila, Baeza, Cáceres, Córdoba, Cuenca, Ibiza / Eivissa, Mérida, Salamanca, San Cristóbal de La Laguna, Santiago de Compostela, Segovia, Tarragona, Toledo e Úbeda**.

Un dos actos máis destacados do Grupo dentro da programación deseñada para celebrar o seu 25 aniversario, será **La Noche del Patrimonio. La Nit del Patrimoni. A Noite do Patrimonio**, un evento que rende homenaxe, con esta denominación, ás culturas e ás linguas de todas as cidades do Grupo, que representan tamén a diversidade e riqueza do noso país. A Noite, na súa formulación, está formada por catro seccións nas que terán cabida as artes escénicas contemporáneas, xornadas de portas abertas de monumentos, actividades culturais e de ocio nos cascos históricos, e a creatividade do colectivo Boamistura, que estreará o seu filme "Laberintos Líricos".

Será unha gran festa simultánea do Patrimonio con vocación participativa e social, unha celebración colectiva de veciños/as e visitantes para poñer de manifesto o orgullo que senten estas 15 cidades por traballar xuntas a favor do interese común e, sobre todo, por ser **Cidades de Toda a Humanidade**.

Esperámosvos!

ESCENA PATRIMONIO

Cía de Danza Daniel Abreu / MÁS O MENOS INQUIETOS

Praza de Quintana, 21h. Entrada libre

MÁS O MENOS INQUIETOS é un traballo a dúo para espazos non convencionais... En toda relación sempre hai tres en xogo. O campo é ese terceiro elemento que se adhire a dous e que ao mesmo tempo os contén. Este é o xogo neste traballo. Xogar co terceiro. O símbolo exprésase a través dunha carga lixeira e sutil. Xogamos coa gravidade e o equilibrio. O vento e os seus xogos. O paso das cargas... e todo desde unha atmosfera poética. Os corpos móvense desde o fráxil ao sinuoso.

DANIEL ABREU

(Santa Cruz de Tenerife, 1976) desenvolveu unha orixinal traxectoria creativa apoiado na súa formación artística en ballet clásico e, sobre todo, en danza contemporánea. Desde 2003, no que estrea *Espera*, o seu primeiro traballo en solitario, ten realizado numerosos proxectos coreográficos presentados en tres continentes: Europa, Asia e América. En 2004 crea a súa propia compañía. O seu intenso labor creativo valeulle ser invitado a impartir diferentes obradoiros e cursos, dirixidos tanto a estudantes como a compañías en Europa e América. En 2014 recibe o Premio Nacional de Danza, na súa modalidade de creación, e en 2018 acadou tres premios Max das Artes Escénicas 2018 (mellor interpretación, coreografía e espectáculo por *La desnudez*). Recientemente foi nomeado director artístico de Lava, a nova compañía de danza residente no Auditorio de Tenerife.

COMPAÑÍA DANIEL ABREU

Fundada en 2004, a Cía. Daniel Abreu sitúase como unha das máis destacadas da escena nacional española. O traballo coreográfico de Daniel Abreu (Premio Nacional de Danza 2014) defínese no uso de ferramentas sinxelas da linguaxe interpretativa, a forza e personalidade dos bailaríns, as paisaxes suxerentes que derivan na construción de



imaxes de gran peso próximo e onírico, e un sensible ambiente sonoro. As distintas traducións da imaxe escénica e un relato de gran peso poético, característica destacada en cada traballo, sustentan cada unha das creacións estreadas, con formato de só ou grupal. Ata a data, a compañía ten estreado máis de 60 traballos. A compañía xira regularmente por Europa, América e Asia, e ten visitado máis de 30 países, onde colleitou notoriedade no público asistente e a prensa especializada, recibindo o apoio de institucións como o Ministerio de Educación, Cultura y Deporte, o Instituto Cervantes e a Comunidade de Madrid, entre outras. No ano 2011, a Cía. Daniel Abreu entrou a formar parte do programa europeo Modul Dance, liderado por el Mercat de les Flors.

FICHA TÉCNICA E ARTÍSTICA

Autoría e dirección: **Daniel Abreu**

Intérprete: **Carmen Fumero e Daniel Abreu**

Fotografía: **Jesús Robisco**

Música: **Collage**

Distribución: **Elena Santonja**

Colabora: **Centro de Danza Canal e Festival Cuadernos Escénicos (Gara-chico, Tenerife)**

Agradecementos a **Verónica Garzón e Mercedes López Caballero**

Asesoramento artístico Escena Patrimo-
nio: **Lorenzo Pappagallo**



VIVE PATRIMONIO

Claustro procesional de San Martiño Pinarío. 19.30 h. Conversación no claustro

Presenta: Branca Novoneyra

Relator: Daniel Abreu

Baixo a atenta ollada do claustro procesional máis importante da cidade, deseñamos un diálogo co creador e intérprete Daniel Abreu, premio nacional de danza na categoría de creación en 2014. Nel, o artista relatará as claves da súa experiencia en relación á danza en espazos patrimoniais nun formato restrinxido e informal.

Visitas guiadas nos seguintes espazos patrimoniais:

San Martiño Pinarío.

21h [Duración da visita: 90 minutos].

Parador - Hostal dos Reis Católicos

21h [Duración da visita: 60 minutos].

San Martiño Pinarío.

22.30h [Duración da visita: 90 minutos].

BOAMISTURA. LABERINTOS LÍRICOS

Proxección do filme do colectivo Boamistura que resume o proxecto desenvolvido ao longo de 2017 e 2018 nas 15 Cidades Patrimonio de la Humanidad de España.

Praza de Quintana, 20.45 h



25 ANIVERSARIO  Ciudades Patrimonio de la Humanidad ESPAÑA | UNESCO

 Organización de las Naciones Unidas para la Educación, la Ciencia y la Cultura

 Patrimonio Mundial en España



www.ciudadespatrimonio.org

A

A

IN